## ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA DE GALICIA

# ENTREVISTA CO DIRECTOR XERAL DE CENTROS E ORDENACION EDUCATIVA

O pasado 22 de abril mantivemos unha entrevista co Director Xeral de Centros e Ordenación Educativa, Alberto González Armesto. Á cita acudiron como representantes da Xunta Directiva o presidente de APOEGAL, José Luís Diéguez Ruibal, e a vocal de Medios de Comunicacións, Ana Torres Jack.

Na reunión, que durou uns 30 minutos e desenvolveuse nun ton cordial, abordáronse os seguintes puntos:

1. Presentación de APOEGAL: proceso de constitución, obxectivos, membros, número de socios, proxectos...

2. Disposición a colaborar coa Administración en tódolos aspectos relacionados coa Orientación Educativa: asesoramento, publicacións conxuntas, formación...

   - No que se refire á posible financiación e patrocinio de cursos de formación informounos de que deberiamos falar este tema coa Directora Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, María Luísa Castro Casas, á que deberíamos presentar as nosas propostas.

   - En canto á posibilidade de financiar un folleto acerca dos Departamentos de Orientación dirixido ós pais (proposta feita na Asemblea por parte da Comisión de Publicacións) comentou que podería ser posible dentro da colección Orientacións e Respostas Educativas da Consellería de Educación (editaron un acerca do alumnado con sobredotación intelectual). Quedou en informarnos máis adiante da posibilidade de levar a proposta a cabo.

3. Comentóuselle as principais preocupacións do colectivo de orientadores: a categorización dos postos de traballo dos orientadores de Primaria, a adscrición ós centros e a necesidade de dotar de máis dun orientador ós centros que o necesitan (macrocentros, CPIs con moito alumnado ou centros con Ensinanzas de Adultos, por exemplo). Quedamos en enviarlle/presentarlle un documento acerca da situación da Orientación Educativa en Galicia con propostas de mellora e reivindicacións que prometeu estudialo con detenimento.

4. Ante a cuestión de cales son as intencións da Consellería no futuro en relación ós Departamentos de Orientación, á Atención á Diversidade e a Orientación Educativa e Profesional, a resposta foi que a corto prazo sómente tiñan intencións de modificar a adscrición ós centros no senso de mellorar a situación, aínda que non ofreceu datos concretos. Tamén dixo que nestes intres a Consellería de Educación, ó igual que resto do goberno galego, estaba pendente do resultado das eleccións autonómicas para deseñar calquera acción.

A Xunta Directiva de APOEGAL